

**Asunto:**

**CONCURSO CONVOCADO PARA O OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA NECESARIA PARA A ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA FEIRA - MERCADO DA VILA DE PORTONOVO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN DO 2024 (CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA).**

**ADMITIDOS E EXCLUIDOS.****RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA**

Vista a aprobación por unanimidade do consello de administración de Insula Sanxenxo EMVS, S.L, en data 15 de marzo 2024, a organización da Feira de Artesanía da Vila de Portonovo durante a tempada de verán 2024 con posibilidade de prorrogas, do prego de bases para o outorgamento da autorización administrativa necesaria para a organización, xestión e explotación da mesma, da orde de publicación das bases na web do Concello de Sanxenxo, así como a delegación nesta Presidencia da tramitación do devandito expediente administrativo exceptuando a súa adxudicación ou non, polo órgano de contratación.

Vista a publicación das bases do concurso na web do Concello de Sanxenxo ([www.sanxenxo.es](http://www.sanxenxo.es)) en data 20 de marzo de 2024, así como nas suas RRSS, o último día hábil para presentar as instancias foi o 12 de abril de 2024, engadido, constando como presentadas en prazo as seguintes entidades:

- **SONOMOBEL, S.L**
- **TARGET EVENTOS ESPECIALES, S.L**
- **ORGANIZACIÓN DE FERIAS Y EVENTOS RAMIGAR, S.L**
- **PROMOCIONES Y PRODUCCION DE FERIAS, S.L**
- **PRODUCCIONES ZONA CHAN, S.L**
- **MADERIA ARQUITECTURA Y DISEÑO, S.L**

Tal e como se establece na Base 10 do prego e ao obxecto de dar continuidade ao procedemento, procedeuse a dar traslado dos sobres 1 das devanditas entidades á asesoría xurídica para a emisión de INFORME XURÍDICO sobre a documentación presentada polos solicitantes, do cumprimento ou non dos requisitos establecidos na



Base 6 do prego, de si existían defectos emendables con indicación dos mesmos, así como si finalmente procedía admitir ou non a quen corresponda. Consta no expediente administrativo:

- Informe xurídico de data 16 de abril do 2024, indicando as entidades que deben subsanar a documentación referida ó mesmo.
- Informe xurídico complementario, **en relación ó anterior, CON RESULTADO FAVORABLE, de data 24 de abril do 2024.**
- Informe de fiscalización favorable de data 25 de abril do 2024, unha vez revisado os informes xurídicos e expediente

É polo que, esta Presidencia, no uso das suas atribucións, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO: ADMITIR** no presente procedemento seguindo as instrucións da asesoría xurídica, á(s) seguinte(s) entidade(s):

- **SONOMOBEL, S.L**
- **TARGET EVENTOS ESPECIALES, S.L**
- **ORGANIZACIÓN DE FERIAS Y EVENTOS RAMIGAR, S.L**
- **PROMOCIONES Y PRODUCCION DE FERIAS, S.L**
- **PRODUCCIONES ZONA CHAN, S.L**
- **MADERIA ARQUITECTURA Y DISEÑO, S.L**

**SEGUNDO:** Notificar esta Resolución aos interesados e publicar a mesma na páxina web do Concello, tal e como consta nas bases aprobadas no seu día.

**TERCERO:** Continuar coa apertura da documentación da(s) entidade(é) admitida(s) segundo o presentado no seu día a través de Sede electrónica do Concello (**Sobre 2**) e **dar traslado do contido dos mesmos, ao técnico externo designado, para a valoración segundo o establecido nas bases, así como para a emisión dos informes técnicos correspondentes no menor prazo de tempo posible.**

En Sanxenxo asinado electrónicamente o pé,

**Presidente de Insula Sanxenxo EMVS, S.L**

Telmo Martín González

